

CRITERIOS DE CORRECCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO E INSTRUCCIÓNS PARA A SÚA REALIZACIÓN.

O tribunal do proceso selectivo para o acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, pola quenda de acceso libre, convocado pola resolución reitoral do 20 de xuño de 2024, en cumprimento do previsto no anexo I da convocatoria, que establece que «*antes da realización de cada exercicio, o tribunal deberá ter aprobado e publicado os criterios de avaliación e corrección*», e tendo en conta o disposto en relación co terceiro exercicio, relativo a que «*consistirá en 20 preguntas tipo test, máis 3 de reserva, con catro respostas posibles, tras unha proba práctica con ordenador sobre os programas Word e Excel correspondentes á versión de Microsoft Office LTSC 2021*» e que o exercicio «*cualificarase como apto ou non apto*» e que «*corresponderalle ao tribunal determinar o criterio exixido para acadar a cualificación de apto*», **ACORDOU:**

Primeiro.- Establecer en 10 o número de respostas correctas para obter a cualificación de apto, das que como mínimo 3 deben ser das preguntas formuladas sobre o programa Word e 3 sobre o programa Excel. As respostas en branco ou incorrectas non descontarán.

Segundo.- Informar as persoas aspirantes dos seguintes aspectos organizativos para a realización da proba:

- A proba, segundo se publicou o 10 de outubro de 2025, realizarase o **sábado 8 de novembro de 2025**, na **aulas de informática 1 e 2 da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais** (avenida do doutor Ángel Jorge Echeverri, s/n, Campus Sur, Santiago de Compostela). No centro, o día da proba, recollerase a sinalización oportuna para a localización das aulas e a distribución por apelidos dos aspirantes.
- A entrada á proba realizarase nun chamamento único, que se iniciará segundo o establecido na convocatoria pola letra «H», e a partir das 10:00 horas.
- As persoas aspirantes que non comparezan serán excluídas da oposición, agás nos casos de forza maior, debidamente xustificadas e considerados polo tribunal.
- As persoas aspirantes deberanse presentar co DNI ou con outro documento que, a xuízo do tribunal, permita acreditar de xeito indubidable a súa identidade (DNI, pasaporte ou carné de conducir).
- As persoas aspirantes deberán acudir provistas de bolígrafo azul, para cubrir os seus datos persoais na cabeceira do exame, e de lapis número 2 e goma de borrar, para cubrir a folia de respostas.
- A duración do exame será de 45 minutos, salvo para as persoas que teñan recoñecida adaptación de tempo, en cuxo caso será o tempo que corresponda consonte á adaptación recoñecida e notificada no seu día a cada unha delas.
- O exercicio realizarase nun ordenador sen conexión á internet.
- As persoas aspirantes non poderán abandonar a aula até que remate o tempo de exame. Non poderán levantarse até que o indique o tribunal. Finalizado o exercicio, o tribunal dará as instrucións para a recollida dos exames e a saída da aula.
- Para garantir o anonimato na corrección dos exames, non consigne sinaturas, nomes, marcas ou calquera outro sinal ou indicación que permita a súa identificación, salvo no lugar expresamente identificado para tal fin na cabeceira do

exame. O tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes que consignen na folla de respostas datos que permitan coñecer a súa identidade.

- j) A folla de respostas para cubrir é de uso xeral na USC e permite o seu uso en exames con ata 5 respostas alternativas. Porén, neste exercicio, cada pregunta só ten catro respostas alternativas. Utilice só as opcións “A”, “B”, “C” ou “D”.



- k) Sinala correctamente a resposta correcta. A pregunta que teña máis dunha resposta marcada non computará.
- l) Para corrixir unha resposta, borre completamente as marcas erróneas (teña en conta que a folla de respostas é autocopiativa). Sempre prevalecerán as marcas que estean feitas na folla de respostas que estea en poder do tribunal.
- m) Só se tomarán en consideración, para sumar, as respostas correctas que sexan *sinaladas de xeito adecuado* na folla de exame. Enténdese por respostas *sinaladas de xeito adecuado* as que se cubran segundo se indica na cabeceira da folla de

exame  e nas que se marque soamente un dos catro cadros identificados coas letras “A”, “B”, “C” ou “D”.

- n) As repostas incorrectas e as sinaladas de xeito diferente ao indicado no apartado

anterior (respostas en branco, respostas cubertas de xeito incorrecto , respostas sinaladas no cadro identificado coa letra “E”, respostas sinaladas con máis dun cadro), non se terán en conta e, polo tanto, non computarán, nin para sumar nin para restar.

Terceiro.- Serán causas de exclusión as seguintes:

- Abrir o sobre que contén o exame ou comezar a realización do exercicio antes de que o indique o tribunal.
- Continuar escribindo cando o tribunal indique que rematou o tempo de exame.
- Falar, copiar, intercambiar exames ou información co exterior ou con calquera persoa participante no proceso selectivo.
- Non se poderá acceder ao exame con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. O tribunal non disporá de ningún tipo de sistema de depósito para a recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.
- O tribunal vixiará as conexións a redes sen fíos non autorizadas que se detecten nas aulas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O presidente do tribunal

Félix Navaza Aller

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: FELIX NAVAZA ALLER,

NIF ***9602**, 04/11/2025 09:18:35.

CSV: 6E68-3076-41B5-8BBF